

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA LEVADA A CABO O DIA 17 DE XUÑO DE 2023 PARA CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN ELEXIDA NAS ELECCIÓN CELEBRADAS O DIA 28 DE MAIO DOS CORRENTES ASI COMO ELECCIÓN E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE ELEXIDO.

Na Casa da Cultura de NEDA, Salón de Actos, sendo as doce horas e cinco minutos do día dezasete de xuño do ano dous mil vinte e tres e dando cumprimento ao disposto polos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e artigos 37 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais aprobado por R.D. 2568/86 do 28 de novembro, celébrase sesión pública para a constitución da nova Corporación municipal resultante das eleccións celebradas o día 28 de maio dos correntes, a cal foi convocada regulamentariamente según orde do día circulada ós novos concelleiros/as elixidos coa antelación e formalidades esixidas.

Atópase sobre da mesa comunicación da Xunta Electoral de Zona trasladando acta de proclamación de Concelleiros/as electos neste Concello e que son os seguintes:

- **Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG-PSOE):** D. Ángel Alvariño Saavedra, D. Ángel Salvador García Cordero, D^a. Ángeles Puentes Maceiras, D. José Manuel Sanmartín Fornos, D^a. María Ángeles Bello Salazar e D. Javier Novo Rodríguez.

- **Partido Popular (PP):** D. Eladio Romero Neira e D. Jonathan Fernández Ríos.

- **Bloque Nacionalista Galego (BNG):** D^a. Cristina Bouza Bellón e D. Rubén Ríos Curbeira

- **Movemento Veciñal Neda (MOVENEDA):** D. Carlos Caaveiro Puentes.

Actúa como Secretario o titular do Concello, D. Alejandro Ramón Antelo Martínez.

Comprobada a personalidade dos electos e cotexada coas credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona, polo Secretario da Corporación procédese a poñer en coñecemento dos concelleiros electos o contido dos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral (LOREG), referentes ao mandato e constitución das Corporacións Municipais e á elección do Alcalde, dando comezo a sesión constitutiva da Corporación Municipal, axustándose ao seguinte orde:

1.- CONSTITUCION DA MESA DE IDADE:

En primeiro lugar procedese á constitución da Mesa de idade, que segundo o disposto no citado artigo 195.2º da citada LOREG e as credenciais presentadas na Secretaría Xeral da Corporación pasa a estar composta por D. Ángel Salvador García Cordero como concelleiro electo de maior idade, por D. Jonathan Fernández Ríos como concelleiro electo de menor idade, e polo propio Secretario da Corporación Municipal.

2.-COMPROBACION DE CREDENCIAIS DE CANDIDATOS ELECTOS COMO CONCELLEIROS PARA A NOVA CORPORACION A CONSTITUIR:

Polo Secretario da Corporación infórmase á Mesa de idade que todos os concelleiros/as electos presentes no acto presentaron as súas credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona, na Secretaría da Corporación, e así mesmo foron presentados por todos os concelleiros/as electos as declaracións de bens, actividades e posibles causas

de incompatibilidade ante o Secretario da Corporación, tal e como dispón o artigo 75.7º da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

Informa o Secretario que das mesmas non se deduce incompatibilidade ningunha para o exercicio do cargo de concelleiro/a, e pon a disposición da Mesa de Idade os correspondentes documentos, por si ésta quere levar a cabo algunha comprobación.

3.- XURAMENTO OU PROMESA DOS NOVOS CONCELLEIROS:

Seguidamente, procédese á toma de posesión dos concelleiros/as, para o cal o Secretario da Corporación da lectura á formula legalmente establecida, chamando de seguido aos concelleiros nominalmente pola orde alfabética do seu primeiro apelido e en derradeiro lugar ao membro máis novo e ao maior dos da Mesa de idade, e respostando cada un deles si xuran ou prometen o cargo. De todo o cal deixase constancia de seguido.

“Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Neda con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado así como o Estatuto de Autonomía de Galicia:

- Sr. Alvariño Saavedra, Ángel: *Sí, prometo.*
- Sra. Bello Salazar, María Ángeles: *Sí, prometo.*
- Sra. Bouza Bellón, Cristina: *Sí, prometo por imperativo legal e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Neda e do pobo galego.*
- Sr. Caaveiro Puentes, Carlos: *Sí, prometo.*
- Sr. Novo Rodríguez, Javier: *Sí, prometo.*
- Sra. Puentes Maceiras, Ángeles: *Sí, prometo.*
- Sr. Ríos Curbeira, Rubén: *Sí, prometo por imperativo legal e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Neda e do pobo galego.*
- Sr. Romero Neira, Eladio: *Sí, prometo.*
- Sr. Sanmartín Fornos, José Manuel: *Sí, prometo.*
- Sr. Fernández Ríos, Jonathan: *Sí, prometo.*
- Sr. García Cordero, Ángel Salvador: *Sí, prometo.*

4.- DECLARACIÓN DECONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN:

Tomada posesión polos once concelleiros/as que resultaron elixidos nas eleccións municipais, totalidade dos que compoñen este Consistorio, a Mesa de Idade declara constituída a Corporación Municipal de Neda.

5.- ELECCION DE ALCALDE:

Pásase seguidamente á elección de alcalde seguindo o disposto no artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral para o que poden ser candidatos tódolos Concelleiros que encabezan as listas proclamadas xa referenciadas.

Por unanimidade dos corporativos acórdase que o sistema de votación para a elección de Alcalde, sexa o nominal, seguindo o sistema de chamamento establecido con anterioridade para a toma de posesión dos concelleiros.

Por parte do Secretario da Corporación e da Mesa de Idade procédese a realizar tal chamamento arroxando o seguinte resultado:

- Sr. Alvariño Saavedra, Ángel: *Sr. Alvariño Saavedra.*
- Sra. Bello Salazar, María Ángeles: *Sr. Alvariño Saavedra.*
- Sra. Bouza Bellón, Cristina: *Sra. Bouza Bellón.*
- Sr. Caaveiro Puentes, Carlos: *Sr. Caaveiro Puentes.*
- Sr. Novo Rodríguez, Javier: *Sr. Alvariño Saavedra.*

- Sra. Puentes Maceiras, Ángeles: Sr. Alvariño Saavedra.
- Sr. Ríos Curbeira, Rubén: Sra. Bouza Bellón.
- Sr. Romero Neira, Eladio: Sr. Romero Neira.
- Sr. Sanmartín Fornos, José Manuel: Sr. Alvariño Saavedra.
- Sr. Fernández Ríos, Jonathan: Sr. Romero Neira.
- Sr. García Cordero, Ángel Salvador: Sr. Alvariño Saavedra.

Así pois, o Sr. D. Ángel Alvariño Saavedra obtén seis votos, o que constitúe maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, polo que a Mesa de Idade fórmúlalle pregunta sobre si acepta a súa elección como Alcalde, ao que o Sr. Alvariño Saavedra resposta que sí.

6.- XURAMENTO DO ALCALDE ELEXIDO E TOMA D E POSESIÓN DO MESMO:

Acto seguido, pola Mesa de Idade tómaselle xuramento ou promesa do seu cargo de Alcalde, para o cal o Secretario da Corporación procede a dar lectura á fórmula legalmente establecida: “ *D. Ángel Alvariño Saavedra, xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Neda con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado así como o Estatuto de Autonomía de Galicia*”:

Ao que o Sr. Alvariño Saavedra resposta que : Sí prometo.

Queda polo tanto proclamado Alcalde de Neda D. Ángel Alvariño Saavedra.

Seguidamente, o elixido Alcalde pasa a ocupar a mesa presidencial do Salón de Sesións, xunto co Secretario da Corporación, incorporándose asimesmo á Mesa a Interventora municipal, D^a. Sonia Lorenzo Barbeito.

Os concelleiros que ata o momento compoñían a Mesa de Idade pasan a ocupar os seus escanos.

7.-DACION DE CONTA DE ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DE PATRIMONIO DE BENS MUNICIPAIS:

O Secretario da Corporación da lectura ao **artigo 36.2 do ROF**:

Los Secretarios e Interventores tomarán las medidas precisas para que el día de la constitución de las nuevas Corporaciones Locales se efectúe un arqueo y estén preparados y actualizados los justificantes de las existencias en metálico o valores propios de la Corporación, depositados en la Caja Municipal o entidades bancarias, así como la documentación relativa al inventario del patrimonio de la Corporación y de sus Organismos autónomos

A Interventora da Corporación da conta ao Pleno da “**Acta de Arqueo Extraordinaria**” subscrita por Alcalde, Interventora e Tesoureiro con data 16 de xuño de 2023, realizada con ocasión da constitución da Corporación Municipal.

ARQUEO CONSTITUCION NOVA CORPORACION 16-XUÑO-2023	
VALORES	
Existencias 16-06-2023.....	158.691,74€

METALICO EN CONTAS BANCARIAS	
Caixa en Formalización	0,00€
Caixa Corporación	0,00€
Abanca: ES84 2080 0216 9931 1000 0012	1.391.003,38€
Santander: ES55 0049 3902 8310 1000 4490	12.177,45€
Existencia metálico 16-06-2023.....	1.403.180,83

Asimesmo, o Secretario da Corporación da conta ao Pleno de que o **“Inventario Municipal de Bens e Dereitos”** foi aprobado inicialmente polo Pleno corporativo en sesión ordinaria de data 26 de marzo de 2015, exposto ao público por período de 30 días hábiles, que concluíron o día 26 de maio de 2015, considerándose dende entóns definitivamente aprobado dende dita data, habendo sido revisado mediante acordo plenario de data 28 de maio de 2018.

De seguido o Sr. Alcalde dirixe unhas palabras de agradecemento ao Pleno da Corporación, ao público asistente á sesión corporativa, aos veciños de Neda e a súa propia familia.

De todo elo queda constancia na gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, o Sr. Alcalde-Presidente levanta á sesión cando son as doce horas e vinte e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, do que eu, Secretario Xeral da Corporación Municipal, certifico e dou fe.

O Alcalde

O Secretario Xeral